

PUBLIC. POR

O GAITERO DE LUGO

Calendario Gallego
pro Ano Bisiesto de 1956

Relixioso, profético, astronómico, recreativo,
patriótico, popular e barato

Ano 99 da fundación Propiedá rexistrada
Propietario: XERARDO CASTRO

VÉNDESE A 1'75 PTAS.

- Trouporroutrou, é pra onde vas vello?
- Trouporroutrou, camiño no tempo.
- Trouporroutrou, é cántos anos téis?
- Noventa e nove e mozo me ves.



- O Gaiteríño cun século as costas
anda mais circllo que un mozo das festas,
ningún acerta coma él o pronóstico
e tem máis «Xuícios» que a Sala da Audiencia

VENTA DISTE CALENDARIO:

En Santiago, Almacés de Xohán M. Pintos Sanmartín, Sucesor
da Viuda de M. Neira Torrado, Casas Reales, 17
Na Cruña, Fillos de Gervasio Varela, Librería e Imprenta-Carballo
En Vigo, Mariano García, Calle García Barbón, 17
En Ourense, Manuel García e Fillos, Lamas Carvajal, 7

Pedidos a o Editor: XERARDO CASTRO, San Pedro, 29. -LUGO

Feiras e mercados da provincia de Lugo

Concello de Abadín.-Primeiro e terceiro sábado Gontán.

Alfoz.-13 Carballido; 25 de Abril e 25 de Xullo Lagoa; o primeiro miércoles Mor.

Antas de Ulla.-Todol-os días 10.

Baleira.-O 12, Cádavo.

Barreiros.-Primeiro Domingo de Marzo, na parroquia de San Miguel de toda clase de gandos.

Becerredá.-O 3, 12 e 19, de todos os meses; 2 Febrero. 19 Marzo, 12 Abril, 12, 13 e 14 Setembro anuales

Begonte. 1.^º e 15 Pacio e si o 15 e dom ngo o 14, último domingo de cada mes Gaibor.

Bóveda.-O 14 e 29 Rubián. No mes de Febreiro que leve 28 días celebrase o 28.

Carballedo.-17 e 29 Castro; 13, La Barrela.

Castro de Rey.-Cada 15 días en domingo alterna ca de Meira; 8 e último sábado Riberas de Lea.

Caurel.-O segundo e coarto domingo Seoane; 1.^º e 19 Folgoso; primeiro domingo Ferramulín.

Cervantes.-Coarto domingo Donís, 28 Quíndós; 17 San Martiño da Riveira; 18 San Pedro; primeiro domingo Seixas.

Cervo.-O primeiro domingo e o 16.

Corgo.-13 Aday; 23 Gomeán.

Cospeito.-Terceiro domingo, chamada «a do Monte» e o primeiro miércoles de cada mes con mercado os miércoles; primeiro xoves Muimenta.

Chantada.-O 5 e 21 e mercados os martes, xoves e domingos; 2 Laxe.

Castroverde.-Cada 15 días; 12 Miranda.

Fonsagrada.-20 de Xaneiro; 25 de Marzo; 25 de Abril; Ascensión; Corpus; 24 de Xunio; 2 de Xullo; 15 de Agosto; 8, 9, 10, 11 e 21 de Setembro e 8 de Novembro e mercados os sábados.

Foz.-Mercados os martes; 10 e 24 Espiñeira.

Friol.-O 4 e 21; 16 Roimil; 18 Cotá; 26 Gulmarey.

O GAITERO DE LUGO

Calendario Gallego
pro Ano Bisiesto de 1956

según as observaciós feitas no Ouservatorio
da ciudá de San Froilán

UNICO QUÉ SE PUBLICA EN GALICIA

Cómputo ecresiástico.—Aureo número 19.—Indición román, IX.—Epacta, XVII.—Letra dominical, A e G.—Letra do martiroloxio, S.—Círculo solar, 5.

Velacións.—Péchanse o 14 de febreiro e mais o 1.^º de Nadal.—Abrense o 2 de abril e mais o 26 de Nadal.

Ecrises.—Parcial de sol, o 2 de Nadal. Comenzou, 5'51. Máximo, 8 horas. Remate, 10'8.

Festas.—Circuncisión, 1 de xaneiro.—Santo Nome de Xesús, 2 de xaneiro.—Setuaxésima, 29 de xaneiro.—Antroido, 12 de febreiro.—Cinza, o 15.—Prímeiro domingo de Coresma, o 19.—Domingo de Pasión, 18 de marzo.—Viernes de Dolores, o 23.—Ramos, o 25.—Xoves Santo, o 29.—Pascua de Resurrección, 1.^º de abril.—As Pascuillas, 8 de abril.—Ascención, 10 de mayo.—Pentecostés, 20 de mayo.—Trindade, o 27.—Corpus, o 31.—Domingo da Ofrenda do Reino de Galicia, 3 de San Xohán.—Sagrado Corazón, o 8.—Festa de Cristo Rey, 28 de Outono.—Prímeiro domingo de Advento, 2 de Nadal.

Témporas.—22, 24 e 25 de febreiro; 23, 25 e 26 de maio; 19, 21 e 22 de setembro; 19, 21 e 22 de Nadal.

Rogacións.—Mayores, 25 de abril; menores, o 7, 8 e 9 de maio.

As pragas do campo son vencidas polo
• ZZ AGRICOLA

XUICIO DO ANO

—Dinos, galteiro, que coidas do ano,
danos o «Xuicio» do que vay morter.

—Xa mirei moitos que foron piores;
poucos, millores; ningún coma él.

O que se dí, ser non foy éste um ano,
eu non sey coma lle vou a chamar:
se ben se mira estes doce mesiños
non foron ano que foron «un vran».

Mirar o ceu sempre craro e sin nubes,
catar o chan sempre testo y-enxoito,
ver a facenda mirrada e sequiña,
ollar a xente e... topala en cofros.

E coma foy pra nos vran todo o ano,
veñan boas festas e veña bellar;
pra traballar, primaveira y-outono,
logo no inverno... xa se durmirá.

|Ay, se non fora pol-as nosas fontes,
|Ay, se non fuera por eses pantanos!
|Ay se non fuera por eses lameiros!
Sempre podía ser vran todo o ano.

Pero un non vive a coidar no que baixa:
baixan os ríos, os regos, as presas,
baixa o ferrado, y-e metro, y-a libra,
baixan as cuncas, os pesos, as pesas...

Nun vran enxoalto quedamos chuchados,
todo devece, ninguén o discute,
|Si os mesmos autos se quedan nos osos
e calquer «haiga» se volve un «biscuter»!

O “Polvo COOPER” e o millor reme-
dio pro “medrio” do gando

Soyo medramos en tempo, amiguiño,
con chuvia ou sol, soyo medran os anos:
sómosche ricos en tempo os vellíños,
y este galteiro xa ten tantos.. tantos...

—Ó galteiríño cun século ás costas
anda mais circlo que un mozo das festas,
ninguén acerta coma él o pronóstico
e ten mais «Xuicios» que a Sala da Audencia.

P I T I R R O X O S

I

Quedara aberta unha das ventanas que dan riba
da horta, de aquela meiga horta entre Manzanares
y o Barbaña, onde pasei a miña infancia.

Y-era unha de esas noites de xiada en que amanece todo branco, colgados de carambo as arbres,
brancura soillo interrumpida pola rousadez que o
sol nacente espalla ó fondir as pingotínas xiadas, e
dentro da habitación topey fato de paxaríños apo-
leirados, friolentos.

Sentín a alegria que sinte todo rapaz ó ver os pa-
xaros, e cobizoso de collelos, fun pechal a ventá,
pero xa eles, mais lixeiros, cantaban nos buxos da
horta, non sey se burlándose de min, se cantando a
alborada do novo día que se mostraba abundosa
de alegres craridades.

Sollo un, mais tarde ou mais enfermo, se deixou
coller, y-entanto piaba, corrín xunto á naicíña mos-
trarlle fantaseoso a miña presa.

—E un pitirroxo —dixome, ó verlle o peito acar-
minado.

—¿E por qué se meteu dentro da habitación?

—Porque teñen frío, e Dios depáralle ese abrigo.

—E senón deixáramos aberta a ventá, cómo Dios

• *KEROL e o desinfeitante mais barato
e mais forte*

lo deparaba? — preguntei, co esa lóxica irrefutable dos rapaces.

— Daríalle outro; Deus nunca abandona os paxariños dos campos.

II

Pasou tempo, e n-aquel mesmo inverno, unha mañán que fumos ó monte, miña nai y-eu, veira un valado, cuberta pola xiada que bordaba de alxófares seu cabelo de ouro, topamos unha rapaciña, quizá unha mendiga, morta de frío, abandonada n-aquel carreiro, baixo as silveiras donde os pitirroxos cantaban a vida, sin comprender que tiñan á morte embaixo.

■ Por casualidá, cobría o seu peito pano vermello, y así, c'os pes descalzos, semellaba outro pitirroxo, que, ó morrer, se desprendera do bando que truleaba nas silveiras.

Y en tanto a miña nay derramaba unha bágoa e rezaba un «Padre nuestro», eu co'a citada lóxica de neno, preguntaba todo asombrado:

— Deus, que coida dos paxariños e lle depara ventás abertas pra que non se xien, ¿cómo deixas morrer os nenos?...

Quedou a nay suspensa, mals topou contesta no seu bondadoso curazón.

— Deus — dixo, — os nenos que son bôs, cérralles as portas da terra pra abrillles as do ceo — e deume un bico, un bico cheo de amor maternal, do cal me acordo sempre que nas mañás de xiada ouzo cantar a alborada os pitirroxos.

HERACLIO PÉREZ PLACER

UN DE TANTOS

Nús farrapos envolto ¡coitadíño!
unha vella topouno n'un camiño;
neno viveu nas fragas recadado
en compaña d'un can gardand'o gado;
rapaz marchou á guerra: frent'a frente
da morte non tremeu, que era valente;
bateuse co enemigo de tal xeito
que loitou moitas veces peito a peito.
Sin cruces nin galós, no chan deitado
d'un balazo morreu, ¡pobre soldado!

A vella que o criou está tollida:
¡Ninguén mais o recorda n'esta vida!

A. NORIEGA VARELA.

VOLVENDO XUNT' O LAR

Cando vin o lugar que deixei,
o lugar onde viñen nacer,
miña terra, meu ben e meu todo,
chorei...

Foron lágrimas, son e serán
d'amargura, d'amor e morriña,
foron lágrimas cheas, recordos
d'a infancia.

Foron anos felices aqueles,
os primeiros d'o meo vivir.
das caricias que alí recibín
non cansei...

Outro amor mais cumpliu que o da nay
ben cuidei d'encontrar polo mundo,
corazóns que me queiran non hay
com'aqué'l.

Mais a Nay d'esistir xa deixara,
e xa amor non había pra min
nos capizos en donde eu nacín.

JÉRECA.

• *Na casa e nas cortes usade BLIZ pra
matal-as ratas*

XANEIRO 31 DIAS

ADICADO AO NENO XESUS

1 Dom. † A Circuncisión do Señor. ss. Fulxencio, Xustina, Martiña e Eufrosia.

2 Lun. O Santísimo Nome de Xesús, ss. Macario, Isidoro, Narciso e o Beato Pedro abade (G).

3 Mar. ss. Xenoveva e Daniel.

4 Miér. ss. Aquilino, Tito e Benedicta.

 *Minguante ás 10'41 da noite*
Gloria mayor, bó ano labrador. El será ou non.
Polo menos que millore o derradeiro. Escomenza
con fflaxe, neve outa o chovisca acolá.

5 Xov. ss. Anastasio e Teodoro bispo (G), Telesforo, Eduardo, Apolinar e Emmilia.

6 Vier. † Epifanía - A Adoración dos Santos Reis. Melchor, Gaspar e Baltasar e San Mellano —l. P.

7 Sáb. ss. Xulián patrón do Ferrol e Fiz.

8 Dom. ss. Maximino, Luciano e Gódulo.

9 Lun. ss. Marcelino, Xulián, Vidal e Marciana.

10 Mar. ss. Gonzalo de Amarante, Agatón e Xoán.

11 Miér. ss. Teodosio, Hixinio, Salvio e Anastasio.

12 Xov. ss. Arcadio Victoriano, Benito y Modesto.

13 Vier. ss. Leoncio, Gumersindo e Verónica.

 *Nova ás tres da mañá*
Lua xiadeira. Xiada de xaneiro. neve de febreiro, trebón de marzal, chuvia de abril e ventío de mayo, ano cabal que che trayo

14 Sáb. ss. Hilario e o beato Bernardo de Corleón.

15 Dom. ss. Pablo, Mauro e Benito.

16 Lun. ss. Fulxencio, Marcelo, Ticiano e Honorato.

17 Mar. ss. Antonio abade Rosalina e Leonila.

18 Miér. A Cátedra de San Pedro en Roma e Santa Margarida.

19 Xov. ss. Mario, Sara, Marta e Canuto.

Se tendes dúvidas en como loitar con
enfermedades das prantas ou arbres,
6 escribide ao «Consultorio das Pragas».

20 Vier. ss. Fabián, Sebastián e Felisa.

 *Medra perto das once da noite*
Que os días quentes non vos sexan moitos, que
xaneiro quente trai o demo no ventre e a fror de xa-
neiro nunca encheu celeiro.

21 Sáb. ss. Inés, Froitozo i-Epifanio.

Sol en Acuario a 1'48 da mañán

22 Dom. ss. Vicente, Anastasio, Luftolde e Gauden-
cio.

23 Lun. ss. Adefonso e Raimundo de Peñafort

24 Mar. Nosa Señora da Paz e ss. Timoteo e Felí-
ciano.

25 Miér ss. Ansurio, Bimarsio, Gonzalo Osorio,
Froalengo, Serdendo, Villulfo, Payo, Alfon-
so e Pedro bispos (G). a Conversión de San
Pedro e Santa Elvira.

26 Xov. ss. Froila (G), Policarpo, Teógenes e Paula.

27 Vier. ss. Olalla, Anxela e Xohán Crisóstomo.

 *Chea ás 2'40 da tarde*
El non han ser moitos os días quentes. Mais...
Pol-o sí ou pol-o non, tí rube ó outeiro: si ves ne-
gresar, ponte a cantar; si ollas verdear, bótate a
chorar.

28 Sáb. ss. Cirilo, Tirso e Inés.

29 Dom. de Septuaxésima. — ss. Francisco de Sales,
Valero e Ruzaña. — *Anima*. — I. B.

30 Lun. ss. Martiña, Hipólito e Fiz.

31 Mar. ss. Pedro Nolasco, Xohán Bosco, Xulio e
Marcela.

NOTA.—I. P., Indulgencia Plenaria nas Estacións de Roma.—
I. B., Indulgencia Parcial.—(G.) Santoral Galego.

Según Degredo da Congregación do Concilio, os señores Bispos
poden deixar os áunos e abstinencias deste xeito, pros que teñan a
Santa Bula da Cruzada:

AUNO.—Somentes o Miércoles de Cinza.

AUNO CON ABSTINENCIA.—Viernes Santo e as Vixilias da
Asunción de Nosa Señora e de Nadal

ABSTINENCIA DE CARNE.—Todolos viernes de Coresma.

• *Laboratorios «Zeltia» Apartado, 1
PORRIÑO (Pontevedra)*

FEBREIRO 29 DIAS

ADICADO A CANDELARIA

1 Miér. ss. Inacio Severo, Pablo e Brixida.

2 Xov. A Candelaria e Santa Feliciana.

3 Vier. ss. Bras, Fiz e o Beato Nicolás.

Mingua ás 4'8 da tarde

 Pol-a Candelaría, mitá de inverno fora; si chove ou venta, inda entra. E vai entrar.

4 Sáb. ss. Andrés, Leonisa e Xilberto.

5 Dom. *Sexagésima* —ss. Francisco Blanco mártir (G), Agueda, Calamanda I. B.—Anima.

6 Lun ss. Tito, Teófilo, Saturnino e Dorotea.

7 Mar. ss. Romualdo, Ricardo e Xullana.

8 Miér. ss. Xohán de Mata, Ciriaco, Paula e Dionisio.

9 Xov. ss. Cirilo, Donato e Apolonia.

10 Vier. ss. Escolástica, Sotera e Xacinto.

11 Sáb. Nosa Señora de Lourdes e ss. Saturnino, Lázaro e Desiderio.

Nova ás 9'38 da noite

 Cando non chove en febreiro, nin bó prado nin bó celeiro. En chovendo....

12 Dom. *Quincuaxésima (Antroido)*.—ss. Euxenio, Damián e Olalla. Os sete Santos fundadores dos Servitas. I. P.

13. Lun. *de Antroido*.—ss. Estebo abade (G) Benigno, Marcelo, Luciana Catalina e Gregorio Papa.

14 Mar. *de Antroido*.—ss. Valentín e o Beato Xohan Bautista.—Péchanse as velacións.

15 Miér. *de Cinza* —ss. Faustino, Severo, Casto, Lucio e Decoroso —Aúno.—I. B.

16 Xov. ss. Elías, Isaías, Xeremías, Xullán e Faustino.

17 Vier. ss. Xulián de Capadocia e Alexo.

18 Sáb ss. Teotonio (G). Simón, Clodio, Eladio e Santa María Bernarda.

*Usade KEROL nas cortes, galíñeiro, •
retretes. Non hay millor desinfeitante*

19 Dom. I de Coresma.— ss. Gabinio, Alvaro e Conrado.-I. P.

Sol en Piscis as 4'5 da tarde

 A raxeira febreiriña... Ollo cas treboadas, boas pro gado, malas pro viño. E faga o tempo que quiera, aproveite ben febreiro quen mal folgou en xaneiro.

20 Lun. ss. León, Eleuterio e Nemesio.—I. B.

21 Mar ss. Máximo, Fiz e Ovídio. Anima.-I. B.

22 Miér. A Cátedra de San Pedro en Antioquía e ss. Pascasio e Trega — *Témpora*.—I. B.

23 Xov ss. Ordoño Bispo (G), Marta, Margarida, Florencio e Pedro Damián.-I. B.

24 Vier. ss. Matías, Modesto Serxio e Primitiva. — *Témpora-Abstinencia*. I. B.

25 Sáb. ss. Valerio monxe (G), Cesáreo e Donato. — *Témpora*:—I. B.

26 Dom. II de Coresma.—ss. Leixandre, Fortuna e Víctor.-I. P.

Cheia á 1'41 da noite

 Neve enriba, Ceñío limpo embaixo. Trebón pol-o arredore. E logo a chuvia aquela... ¡Ay meu amiguiño que tolo és anque leves un día de mais.

27 Lun. ss. Baldomero e Leandro.—I. B.

28 Mar. ss. Basilio, Procopio e Rufino.—I. B.

29 Miér. ss. Macario e Cayo.-I. B.

R E F R A N S:

Bon ou mal preito, ten o escriban de xeito.

Canto mais doce é o mel, mais zugan as avellas n-él.

¿Chámasme á partir? Chámasme á reñir.

De besta, a mular, e de home, o de pouco falar.

Fillo és, pai serás, como fixeres asi o terás.

Gastar e non ter, non sei como poda ser.

Hay cativos con fertuna e bôs mozos sin ningunha.

• “Polvo Cooper” cando o gando ten
• “barros” (“medrio”) ou usades e vere-
des como os animais engordan

MARZAL 31 DIAS

ADICADO A SAN XOSE

- 1 Xov. ss. Rosendo bispo (G). Manilán abade (G) e o Santo Anxel da Garda. *Anima.*-I. B.
- 2 Vier. ss. Simplicio, Pablo, Lucio e Pedro de Zúñiga. *Abst.*-I. B.
- 3 Sáb. ss. Emeterto e Celedonio. *Anima.*-I. B.
- 4 Dom. *III de Coresma.* - ss. Castiño, Cayo e Lucio. *Anima.*-I. P.

Mingoa perto do mediodía

 Elquí temos a marzo, a chave do ano. El vay vir pardo. Pro non vos fiedes moito: da volta sete veces no día, coma din os vellos,

- 5 Lun. ss. Eusebio, Adrián, Teófilo e Nosa Señora de África. I. B.
- 6 Mar. ss. Victoriano, Víctor, Cirilo e Perpetua. I. B.
- 7 Miér. ss. Tomás de Aquino (*Festa dos Estudantes*) e Felicitas. I. B.
- 8 Xov. ss. Xohán de Dios e Fiz. I. B.
- 9 Vier. ss. Francisca e Catalina. *Abst.*-I. B.
- 10 Sáb. ss. Leixandre, Mellón e Os Corenta Mártires. I. B.
- 11 Dom. *IV de Coresma.* - ss. Euloxio, Magno, Constantino e Fermín. *Anima.*-I. P.
- 12 Lun. ss. Gregorio, Maximillán e Nosa Señora da Misericordia. *Anima.*-I. B.

Nova á 1'36 da serán

 Pol-o de agora, ca vella ou ca nova, en marzo, abrigo, noces e pan trigo.

- 13 Mar. ss. Leandro, Cristina i-Eufrasia. *Anima.*-I. B.
- 14 Miér. ss. Florentina e Matilde. I. B.
- 15 Xov. ss. Anxo Tutelar de Galicia, Lonxines, Raimundo e Mellón. I. B.
- 16 Vier. ss. Xulián, Ciriaco e Agapito. *Abstinencia.*-I. B.

As erugas dos arbres froiteiros morren todas botando ZZ EMULSIONABLE

- 17 Sáb. ss. Xosé de Arimatea e Patricio.-I. B.
 18 Dom. de Pasión ou de Lázaro.-ss Cirilo, Gabriel e Braulio.-I. B.
 19 Lun. † San Xoxé esposo da Santísima Virxe.-I. B.

 *Medra perto das 5'15 da tarde*
 Din que a brétema de marzo fay vir xiada de mayo. Por moita yauga que venía, non chega pra desquitármonos da sequía do ano que finou.

- 20 Mar. ss. Martiño de Dumio bispo (G), Eufemia e Ambrosio.-*Anima*.-I. B.

Sol en Aries as 3'20 da tarde

PRIMAVERA

- 21 Miér ss. Benito abade e Filemón.-I. B.
 22 Xov. ss. Deogracias, Pablo e Basilio.-I. B.
 23 Vier. das Doores.-ss. Victoriano, Fidel e Toribio.-*Anima Abstinencia*.-I. B.
 24 Sáb. O Arcanxo San Gabriel e ss. Simón e Agapito. I. B.
 25 Dom. de Ramos.-A Anunciación de Nosa Señora i-Encarnación do Señor, ss. Dímas e Quirino.-I. P.
 26 Lun. Bto. Diego Xosé de Cádiz (G), e ss. Braulio e Teodosio.-I. B.

 *Cheia á 1'11 da tarde*
 Somella que pra a Semán Mayor ímos tempeando o xenio. Ogallá teñamos uns días craríños prás procesións.

- 27 Mar. ss. Xohán Damasceno, Ruperto, Lidia e Leixandro.-I. B.
 28 Miér. ss. Xohán de Capistrano, Cástor, Dorotea e Sixto.-I. B.
 29 Xov. Santo.-ss. Pastor, Xonás i-Eustasio.-I. B.
 30 Vier. Santo.-ss. Pedro Regalado, Xohán Clímaco, Víctor e Régulo.-*Abstinencia*.-I. B.
 31 Sáb. Santo ou de Gloria.-ss. Amadeo, Amós e Benxamín.-I. B.

*As roupas, na primaveira e no vrán,
 deféndense da «polilla» botando*

ZZ POLILLA

ABRIL 30 DIAS

ADICADO AS DOORES DA VIRXE

- 1 Dom. de Pascua de Resurreución.—ss. Venancio, Macario e Teodora.-Festa Nacional. I. P.
- 2 Lun. ss. Francisco de Paula, Urbano e Abundio.-
Abrense as velacóns —I. B.
- 3 Mar. ss. Engracia virxe mártir (G), Ricardo, Benigno e Ulpiano.—I. B.



Mingoá ás 8'6 da mañán

Nunca se mirou abril que non fora ruín, cando
é entrar, cando é sair. Ven con cara de santo e
unllas de gato. Eí o tedes: tan campante.

- 4 Miér. ss Isidoro, Benito, Víctor e Zósimo.—*Anima.*—I. B.
- 5 Xov. ss. beato Xohán de Viveiro (G), Vicente Ferreira Emilia e Irene.—I. B.
- 6 Vier. ss. Celso, Celestino e Marcelino.—I. B.
- 7 Sáb. ss. Epifanio, Ciriaco e Donato.—I. B.
- 8 Dom. in Albis (*as Pascuillas*) —ss. Alberto, Perpetuo, Máxima e Xenaro.
- 9 Lun. ss. María Cleofé, Casilda e Prócoro.—I. B.
- 10 Mar. ss. Urbano abade (G), Ecequiel e Daniel. I. B.
- 11 Miér. ss. León Antípas e Isaac.



Nova ás 2'39 da noite

- Si viñera con chuvia como din os papeles... (Os papeles din o que lles poñen). El anda entoldado.
- 12 Xov. ss. Víctor mártir (G), Constantino e Zenón.
 - 13 Vier. ss. Hermenexildo, Xustino e Máximo.
 - 14 Sáb. ss. Fr. Pedro González Telmo, abogado dos mariñeiros. (G), Tiburcio e Valeriano.—I. B.
 - 15 Dom. Nosa Señora a Divina Pastora e ss. Anastasia, Basilisa, Victorina e Elena.
 - 16 Lun. ss. Toribio, bispo de Astorga, Froitoso de Braga, bispo e fundador (G), Engracia, Cayo e Benito Labre.
 - 17 Mar. ss. Aniceto, María Ana e Elena.

Non hai outro millor, contra o escarabello "co ZZ-L CONCENTRADO

 *Medra ás 11'28 da noite*

Revira o vento e amaina a chuvia, onde veu
rexia. En abril, chuvia, hastra que o corno da vaca
se pudra. Non apodrece, non.

18 Miér. Solemnidade de San Xosé e ss. Eleuterio,
Andrés e Toribio..

19 Xov. ss. Vicente, León Hermóxenes e Crescen-
cio.—*Festa nacional*.

20 Vier. ss. beato Alfonso de Ourense (G), Inés de
Monte Pulciano, Marcelino e Víctor.

Sol en Tauro ás 2'44 da mañán

21 Sáb. ss. Anselmo, Apolonia e Alexandra.

22 Dom. ss. Xerónima virxe (G), Sotero, Cayo e
Angustias.

23 Lun. ss. Xerardo, Xurxo, Adalberto e Clemente.

24 Mar. ss. Fidel, Gregorio, Leoncio e Honorio.

25 Miér. ss Marcos, Aniano i Estebo.—*Rogacións
mayores*.—I. B.

 *Cheia a 1'40 da noite*

Onde venen uns días como de vran, as xentes
coidan que os tempos andan trocados. O vran do
outono pasado amolinrou a froita. Non sabemos o
que fará este si o vento de abaxo non o sulaga axiña.

26 Xov. ss. Pedro de Rates, Miguel González (G),
Cleto, Marcelino e Nosa Señora da Saleta.

27 Vier. ss. Anastasio. Toribio de Mogrovejo e Pe-
dro Canisio.

28 Sáb. ss. Estebo, Prudencio, Patricio, Vidal e Pa-
blo da Cruz.

29 Dom. ss. Pedro de Verona, Roberto e Hugo.

30 Lun. ss. Amador, Sofía e Catalina de Siena.

IADII^aVII^aNIA

Teño doce damas — para meu regalo,
todas van en roda — todas gastan cartos
todas levan medias — ningunha zapatos

O relle

*Ameçendo ZZ SEMBRAL con semen-
te do millo non nascerán os
“tollemillos”*

13

MAYO 31 DIAS

MES DAS FRORES

1º Mar. Nosa Señora da Pastoriza e de Araceli.
ss. Felipe, Santiago, Sexismundo e Orencio.

2 Miér. ss. Anastasio e Fiz. - *Festa Nacional*.

3 Xov. A Invención da Santa Cruz e San Alexandre.

 *Mingua ás 2'55 da noite*
Dín que mayo entra quente e mollado: auga de
mayo, pan de todo o ano.

4 Vier. ss. Paulino, Ciriaco, Mónica e Antonina.

5 Sáb. ss. Pío, Máximo Euloxio e Agustín.

6 Dom. ss. Xohán Ante Portam Latinam, patrón
dos impresores, e Teodoro.

7 Lun. ss. Augusto, Augustín, Domitila, Estanis-
lao e Benedicto. - *Rogacións menores*. I. B.

8 Mar. Nosa Señora dos Desamparados e a Apari-
ción de San Miguel e San Eladio. - *Roga-
ciones menores* - I. B.

9 Miér. ss. Gregorio Nacienceno e Lucas. - *Roga-
ciones menores*. - I. B.

10 Xov. † Ascensión do Señor. - ss. Antoniño e •
beato Xob. - I. B.

 *Nova á 1'4 da tarde*
Chega moy gasalleira a lúa da Ascensión. Quen-
tor de mayo, valor do ano. Non ha durar moito.

11 Vier. ss. Domingo eremita (G) e Florencio.

12 Sáb. ss. Domingo da Calzada, Nero e Epifanio.

13 Dom. Nosa Señora dos Mártires e ss. Pedro Rega-
lado, Roberto e Belarmíno.

14 Lun. ss. Bonifacio Pascoal, Xusta e Xustina.

15 Mar. ss. Isidro labrador, Torcuato, Simplicio e
Xohán B. de la Salle.

16 Miér. ss. Xohán Nepomuceno, Ubaldo e Hon-
rato.

17 Xov. ss. Pascual Ballón e Bruno.

ZZ-L^º PARA ESPOLVOREAR cando
se ven escarabellos

Medra ás 5'15 da mañán

D Este ventiño reviradeiro valos escachiflar o tempo. Inda din que mayo pardo e San Xohan crato, fan o labrador honrado. Así como así...

- 18 Vier. ss. Fiz de Cantalicio, Xulíña e Dióscoro.
- 19 Sáb. ss. Pedro, Celestino, Ciriaca e Prudencia. - *Abstinencia*.-I. B.
- 20 Dom. de Pentecostés. - ss. Bernardino [de Sena] e Anastasio .I. B.
- 21 Lun. ss. María Auxiliadora dos Cristianos, Vitorio e Secundino .I. B.

Sol en Géminis as 2'13 da mañán

- 22 Mar. ss. Rita de Casia, Elena e Rufino.-I. B.
- 23 Miér. A Aparición de Santiago Apóstol, ss. Desiderio, Basilio e Miguel. - *Témportas*.-I. B.
- 24 Xov. ss. Torcuato (G), Susana, Robustiana e Xoán Prado .Anima.-I. B.

Cheia ás 3'26 da tarde

- Temos uns días de tempía criadora. Un vranciño xeitoso, se non é pol-as treboadas.
- 25 Vier. ss. Xenadio bispo (G), Gregorio, Luciano e Dionisio. - *Témportas. Anima. Abst.*-I. B.
 - 26 Sáb. ss. Felipe Neri e Zacarias. - *Témportas. Anima.* I. B.
 - 27 Dom. A *Santísima Trindade*. - ss. Beda, Xoán, Restituta e Xulto.
 - 28 Lun. ss. Villulfo bispo de Tuy (G), Xusto, Eladio, Luciano, Xermán i-Emilio.
 - 29 Mar. ss. Teodosia, Maximino e Madanela de Pacis.
 - 30 Miér. ss. Fernando Rey de España, Donadeo, Máximo e Monelo monxes do Bierzo, Santa Egeria (G), Basilio e Fiz. -I. B.
 - 31 Xov. † *Sanctissimum Corpus Christi*. - ss. María Mediadora de Todal-as Gracias, Petronila, Crescencio e Pascasio.

M A Y O

Levántate, Mayo. que pasou Abril
que tanto dormiche. e ti no-n-o viche.

XUNIO 30 DIAS

MES DE SAN XOHÁN

1 Vier. Beato Pedro Vázquez e Antonio de San Boaventura mártires (G), Nosa Señora da Luz e ss. Iñigo e Fortunato.

Mingoa ás 7'13 do serán

 Auga de San Xohán temprana, moltos males sana. Que as augas que veñan sanen e non tollan.

2 Sáb. ss. Marcelino, Pedro i-Erasmo.

3 Dom. *Infraoctava de Corpus. Ofrenda do Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento en Lugo.* —ss. Paula, Clotilde, Isaac y Ovidio.

4 Lun. ss. Francisco Caracciolo, Saturnina e Quirico.

5 Mar. ss. Bonifacio, Doroteo, Apolonio e Sancho.

6 Miér. ss. Gonzalo de Acebeiro abade (G), Norberto, Felipe, Amancio e Paulina.

7 Xov. O Trunfo de San Pedro e San Roberto.

8 Vier. *O Sagrado Corazón de Xesús* —ss. Mardardo, Salustiano e Maximiano.

Nova ás 9'29 da noite

 San Xohán, San Xohaniño, nubrado nubradiño, cuberto cubertiño, morto mortiño. ¡Bó! Poucas son a malas fadas.

9 Sáb. ss. Primo, Feliciano, Ricardo e Pelaxio.

10 Dom. ss. Restituto Círiaca e Margarida.

11 Lun. ss. Bernabé, Fiz, Fortunato e Delaira.

12 Mar. ss. Xohán de Sahagún, Nazario e Onofre.

13 Miér. ss. Antonio de Padua e Luciano

14 Xov. ss. Basilio Magno, Marciano e Rufino.

15 Vier. ss. Vito, Modesto, Crescencia e Benilde.

Medra perto do mediodía

 Almos ter logo uns días quentes, con Nordés que fay como que quer revirar; ceo cuberto, cande revira.

16 Sáb. ss. Benón, Francisco de Regis e Quirico.

17 Dom. ss. Manoel, Ismael e Pablo.

As arbres do pomar véntse limpas dos pulgós botando ZZ-L EMULSIONABLE

*¡No piense todavía
en su cosecha!*

Asegúrela
primero



con

ZZ SEMBRAL

un potente insecticida que se mezcla con
la simiente y la protege contra «vermes de
aramio» y otros gusanos.

¡LA ELECCION NO ES DUDOSA!



¡Cosecha sin
escarabajo...

Como todos los años confie
la defensa de sus patatas
a los insecticidas ZZ



...o escarabajo sin
cosecha!



**ELIMINE
huéspedes
indeseables**

"convidándoles" a una buena ración de BLIZ, el raticida definitivo que, sin provocar alarma, acaba con las

Ratas y Ratones

Cada sobre de 5 grs. sirve para preparar 100 grs. de cebo que, colocado en los lugares que frecuentan los roedores, los extermínă en pocos días.

BLIZ se diferencia de los tratamientos clásicos en que no mata "algunos" ratones, sino que acaba con la plaga.



BLIZ
MATA SIN ALARMA

¡PIDALO EN FARMACIAS Y DROGUERIAS!

PRECIO
2 25
PTAS.

PRODUCTO DE LOS LABORATORIOS ESPAÑOLES "Zeftia" S.A.
CREADORES DE LOS FAMOSOS INSECTICIDAS "Z-Z"

- 18 Lun. ss. Efrén, Marco, Marcelina e Paula.
 19 Mar. ss. Gervasio, Protasio, Bonifacio e Ursicino.
 20 Miér. ss. Silverio, Florentino e Macario.
 21 Xov. ss. Luis Gonzaga, Raimundo e Demetria.

Sol en Cáncer]as 10'24 da mañán |

V R^oA N

- 22 Vier. ss. Paulino, Albano, Flavio e Niceas.
 23 Sáb. ss. Zenón, Fiz e Agripina.

 *Cheia ás 6'13 da mañán*
 Por San Pedro e San Paulo, riqueza no campo. Que éles a trayan e teñamos unhas festas ben soadas.

- 24 Dom. A Natividade de San Xohán Bautista e Santos Xohán Tersón (G) e Fausto.
 25 Lun. ss. Orosia, Guillermo, Próspero e Lucía.
 26 Mar. ss. Payo de Tuy mártir (G), Hermoxio bispo (G), Xohán, Pablo e Virxinio.
 27 Miér. Nosa Señora do Perpetuo Socorro e San Zoilo
 28 Xov. ss. León, Arximiro, Paulo, Benigno e Irene.
 29 Vier. † S. Pedro e S. Pablo —ss. Marcelo e Siro.
 30 Sáb. A Conmemoración de Santiago Apóstol e Santa Emilia.

C A N T I G A S

Teño un amor na montaña
 teño, un amor montañés,
 teño un amor na montaña,
 na Mariña teño tres.

Quen ten os fillos pequenos
 nunca deixá de arrolar,
 quen ten seu amor na guerra
 nunca deixá de chorar.

- ZZ-L EMULSIONABLE pra matar as erugas das arbres de froita.

XULIO 31 DIAS

MES DE SANT - IAGO

1 Dom. San Faxíldo abade de Antealtares (G), O Precioso Sangue de Noso Señor Xesucristo, e ss. Casto, Martín, Leonor e Galo.

 *Mingoa ás 8'40 da mañán*
O mes do noso Santaguiño chega con lúa que devece. Vállate Dios, se quer vir co canado adiantado.

2 Lun. A Visitación de Nosa Señora e S. Lonxinos.

3 Mar. ss. Trifón, Xacinto, Heliodoro i-Eudoxio.

4 Miér. ss. Laureano, Flavio e Teodoro.

5 Xov. ss. Miguel dos Santos, Zoa e Filomena.

6 Vier. ss. Dominica, Isaías, Lucía e Rómulo.

7 Sáb. ss. Cirilo, Metodia, Claudio, Fermín e Lourenzo de Brindis.

8 Dom. ss. Isabel, Agapito e Procopio.

 *Nova ás 4'37 da noite*
Agora teremos unha melloría se as treboadas non venen apresa. E que non trayan saravias.

9 Lun. ss. Cirilo, Alejandro, Anatolia e Zenón.

10 Mar. Beato Xohán Xacobo Fernández mártir (G), ss. Xenaro e hirmans mártires, Cristobo, Amalia, Segunda e Rufina.

11 Miér. ss. Dicteño bispo (G), Pío I, Abundio e Sabino.

12 Xov. ss. Xohán Gualberto, Fiz e Marciana.

13 Vier. ss. Anacleto, Uxío, Xoel i-Esdras.

14 Sáb. ss. Estebo abade (G), Boaventura, Xenaro, Xusto e Marcelino.

 *Medra ás 8'46 da noite*
Moita quéntura pra cando chegue o vran rexo. Antramientras, ímola andando... Somella que non teremos tanta sequía coma no ano devanceiro.

15 Dom. ss. Enrique, Camilo e Antíoco.

16 Lun. Nosa Señora do Carmo e San Fausto.

17 Mar. ss. Alexo, Marcelino, León e Xenerosa.

*As "cochinillas" da vide e das arbres
18 morrerán todas se usades ZZ FOSTION*

- 18 Miér. ss. Camilo, Mariña de Augasantas virxe e mártir (G), Sinforosa, Emiliano e Federico. *Festa nacional.*
- 19 Xov. ss. Vicente de Paúl, Arsenia e Xusta.
- 20 Vier. ss. Elías, Librada, Xerome i Emiliano.
- 21 Sáb. O Trunfo da Santa Cruz e ss. Práxedes, Feliciano e Xulia.
- 22 Dom. ss. María Madanela, Teófilo e Cirilo

Sol en Leo as 9'20 da noite

CANICULA

Cheia ás 9'29 da noite

-  Que teñamos un tempío levián pr'os días de Santiago que co quentor poden tornal-as treboadas.
- 23 Lun. ss. Apolinar, Bríxida, Bernardo e Liborio.
- 24 Mar. ss. Cristina, Francisco, Solano e Víctor.
- 25 Miér. † O APOSTOL SANT-IAGO O MAIOR, PADRÓN DA PATRIA ss. Cristóbal e Cucufate.
- 26 Xov. ss. Ana nai de Nosa Señora e Pastor.
- 27 Vier. ss. Pantaleón. Xuliana Semproniana.
- 28 Sáb. ss. Víctor, Nazario, Celso i Eladio.
- 29 Dom. ss. Marta, Serafina. Beatriz, Fiz e Próspero.
- 30 Lun ss. Abdón, Senén, Teodomiro e Rufino.

 Mingua ás 7 e media da serán
Se nos mollamos, que sexa no remate. O canado que nos recorda o Bautismo pol-o noso Apóstolo, vay vir tardeiro e revirado. Chega. Que o santiño o traya sen mal

- 31 Mar. ss. Inacio de Loyola e Pablo.

O LOBO

Os sonos negros y os xeitos broncos da noite.
nun envoltorio, polos carreiros do monte...

NOVONRYRA,

- *Os piollos e demais parásitos do corpo
morren con "ZZ EMULSION"*

AGOSTO 31 DIAS

MES DE SANTA MARIA

- 1 Miér. ss. Pedro Advíncula, Fiz e Nemesio. — *Xubileo da Porciúncula*. — I. P.
- 2 Xov. ss. Alfonso María de Ligorio, Máximo e Nosa Señora dos Anxos
- 3 Vier. A Invención de San Estebo e San Eufrasio.
- 4 Sáb ss Domingo de Guzmán Perpetua i Eutelio.
- 5 Dom Nosa Señora das Neves e San Emigdio.
- 6 Lun. A Transfiguración do Señor e ss. Xusto e Pastor.

Lúa nova ás 11'25 da mañán

Agosto chega dándonos ca sua friaxe no rostro.
Pouca é. Inda non teremos o inverno enriba.

- 7 Mar. ss. Mamede, Caetano, Alberto e Donato.
- 8 Miér. ss. Beato Roxerio de Meira (G) ss. Ciríaco, Emiliano e Mariano.
- 9 Xov. Beata Urraca Sarmento abadesa (G), ss. Xoán B. Vianney Cura de Ars, Román, Marcial e Cleto.
- 10 Vier. ss. Lourenzo abogado contra os incendios e Paula.
- 11 Sáb ss. Tiburcio, Filomena e Susana.
- 12 Dom Nosa Señora a Pelengrina Patrona de Pontevedra e ss. Clara, Eusebio e Hilaria.
- 13 Lun. ss. Casiano, Hipólita, Aurora i Elena.

Medra a lúa ás 8'45 da mañán

As festiñas da Pelengrina non queren inverno.
A yauga destes días non ha facer tanto dano: auga de agosto, mel e mosto.

- 14 Mar. ss. Nuño Alvarez coengo (G), Eusebio, Anastasia e Demetrio.
- 15 Miér. † A Asunción, Nosa Sra. de Todo o Mundo, Nosa Señora dos Ollos Grandes Patrona de Lugo. — ss. Payo bispo (G), e Taricio. — I. B.
- 16 Xov. ss. Roque e Xaquín pai de Nosa Señora.

Veredes as couves sen ourugás usando ZZ ESPOLVOREO

- 17 Vier. ss. Godina abadesa i Eufemia Virxe e mártir (G), Paulo Xuliána, Librado e Anastasia.
- 18 Sáb. ss. Leonardo, Clara i Elena.
- 19 Dom. ss. Mariano, Luis, Maxín e Xohán Eudes.
- 20 Lun. ss. Bernardo, Samuel e Severo.
- 21 Mar. ss. Fidel, Ciriaca e Xohana Francisca de Fremiot.



Lúa chea ás 12'38 do día
Agora imos tornar a un vran rexo, non duradeiro. Onde mollou, secou; axiña onde secou, mollou, que non vos é tempo seguro.

- 22 Miér. *O Purísimo Corazón de María.* — ss. Fabriano e Timoteo.
- 23 Xov. ss. Felipe, Benicio e Valeriano.

Sol en Virgo as 4'15 da mañán

- 24 Vier. ss. Bartolameu i-Aurea.
- 25 Sáb. ss. Luis Rey de Francia, Xenso, María Micaela e Patricia.
- 26 Dom. ss. Ceferino, Segundo e Vítores.
- 27 Lun. ss. Victorio bispo e mártir (G), Rufo e Xosé de Calasanz.
- 28 Mar. ss. Agustín, Bibiano, Payo e Moisés.
- 29 Miér. A Degollación de San Xohán Bautista.



Mingua a lúa ás 4'13 da noite
Estes ventíos festeiros e tépedos, chaman pola terra mollada. Poucas treboadas, rexas elas. Que sexa certo o dito de que setembro asegura o que agosto madura.

- 30 Xov. ss. Ero de Armenteira abade (G), Rosa de Lima, Celedonio i Emeterio.
- 31 Vier. ss. Osorio Gutiérrez o Conde Santo de Lorenzana (G), Ramón Nonnato e Nosa Señora do Bó Vlaxe.

A D I V I Ñ A

Besta de ferro, albarda de liño, tiza que tiza con un garabulliño.

O candil

O patacar sen escarabellos ¿Cómo?
Botando ZZ-L

SETEMBRO 30 DIAS

ADICADO A SAN MIGUEL

- 1 Sáb. ss. Xil de Cayoso (G) e Lupo.
- 2 Dom. ss. Antolín, Estebo e Máxima.
- 3 Lun. ss. Pio X, Papa, Columbiano e Ladislao.
- 4 Mar. ss. Adrián eremita (G), Nosa Señora da Consolación, Cándida e Rosa.

 *Lúa nova ás 6'57 da tarde*
Nin merlo branco, nin setembro ruín, din os ve-
llos Que a súa lúa que hoxe nace non veña des-
mentilo.

- 5 Miér. ss. Lourenzo, Xustinián, Rómulo e Obdulia.
- 6 Xov. ss. Eutelio, Uxío e Petronio.
- 7 Vier. ss Vicente abade (G), Clodoaldo e Anastasio
e Nosa Señora dos Reises.
- 8 Sáb. A Natividade de Nosa Señora e ss. Adrián
e Adela.
- 9 Dom ss. María da Cabeza, Serxio e Gorgonio.
- 10 Lun. ss. Pedro de Mézonzo bispo autor da Salve
(G), Nicolás de Tolentino e Pulqueria.
- 11 Mar. Nosa Sra. das Viñas e ss. Proto e Xacinto.
- 12 Miér. O Santísimo Nome de María e San Leoncio.

 *Medra ás 12'13 da noite*
Do día un ao día doce, chuvia abondosa é peli-
grosa. Mais xa pasou o doce .. e tamén a chuvia.
Dios diante.

- 13 Xov. ss. Samuel bispo de Iria (G), Felipe, Eulo-
xio e Maudillo.
- 14 Vier. A Exaltación da Santa Cruz e San Víctor.
- 15 Sáb. Os Doores Gloriosos de Nosa Señora e San
Nicomedes, Valeriano e Porfirio.
- 16 Dom. ss. Cornelio, Cipriano i-Eufemia.
- 17 Lun. As Chagas de San Francisco e San Pedro
Arbués.
- 18 Mar. ss. Tomás de Villanueva, Xosé de Cuperti-
no e Sofía.

*Pra defendel-as sementes nas tullas,
arcas, ou sacas tendes de usar*

ZZ-SEGRAN

19 Miér. A Aparición da Virxe da Saleta, ss. Xenaro bispo e compañeiros mártires e María de Cervellón — Témporas. — I. B.

20 Xov ss. Eustaquio, Agapito e Cándida

Cheia ás 3'19 da noite

 Augas verdadeiras, por San Mateo as primeiras.
Viferon adiantadas, pasaron axiña, onde tornen
non encherán río. Temos uns días ben xeitosos.

21 Vier. ss. Mateo, Isacio e Pánfilo. — Témporas. —
Abstinencia. — I. B.

22 Sáb. ss. Tomás de Villanueva, Mauricio, Louren-
zo e Xonás. — Témporas. — I. B.

23 Dom. ss. Lino, Fausto e Trega.

Sol en Libra a 1'35 da mañan

OUTONO

24 Lun. Nosa Señora das Mercedes e ss. Xerardo e Dalmacio.

25 Mar. ss. Lope e Fermín.

26 Miér. ss. Amancio, Cipriano e Xustina.

27 Xov. ss. Cosme, Damián, Adolfo e Florentino.

Mingua ás 11'25 da mañan

 O mes remata revolto, con agua circia aquí e
acolá, treboadas, enchentes lomxe e temporal perto.
Melloría certa.

28 Vier. Os Santos Bispos de Iria (G) e ss. Wences-
lao e Máximo.

29 Sáb San Miguel Arcanxo.

30 Dom. ss. Xerome, Gregorio e Sofía.

O ENSAMEN

Inda o trebunal se irrita
canso xa de perguntar
a o lacazán. Mingos Pita,
iste chega á sospeltar
qu'o ensamen poido gustar
icando lle din que ó repita!

JOSÉ PÉREZ BALLESTEROS.

• *O millor remedio, o mais seguro, pras
«cochinillas» e o ZZ FOSTION*

OUTONO 31 DIAS

ADICADO AO SANTO ANXO

- 1 Lun. San Xervasio (G), o Santo Anxo Custodio e San Remixio.-*Festa nacional do Caudillo.*
- 2 Mar. Os Anxos da Garda e ss. Saturio i-Eutelo.
- 3 Miér. Beato Vela eremita (G), ss Dionisio, Fausto, Cándido, Xerardo e Teresiña do Neno Xesús.
- 4 Xov ss. Francisco de Asís Cayo e Aurea.

Nova ás 4'24 da noite

 Lúa de San Froilán, que sete lúas cubre. Dim que ésta é a chuvia mellor do ano. O mes non se-mella traer moita.

- 5 Vier. ss. Froilán bispo patrón de Lugo (G), Vitorino e Plácido.
- 6 Sáb. ss. Sabina, Primo, Feliciano e Bruno.
- 7 Dom. Nosa Sra. do Rosario e ss. Serxio e Marcos.
- 8 Lun. ss. Demetrio, Payo, Néstor e Bríxida.
- 9 Mar. Nosa Señora da Cinta, ss. Dionisio Aeropagita e Xohán Leonardi.
- 10 Miér. ss. Francisco de Borja, Florencio e Paulino.
- 11 Xov. A Maternidá de Nosa Señora e ss. Nicasio, Xermán e Fermín.

Medra ás 6'44 da noite

 Melloría. Un vran adiantado. ¿Esqueunceuse do cordón San Francisco?

- 12 Vier. Nosa Señora do Pilar e do Remedio.-*Festa oficial (Conmemoración do descubrimiento de América).*
- 13 Sáb. ss Pedro bispo (G), Eduardo, Marcial, Venancio e a Aparición da Virxe de Fátima.
- 14 Dom. ss. Calixto, Evaristo e Bernardo.
- 15 Lun. ss. Teresa de Xesús, Bruno e Fortunato.
- 16 Mar. ss. Florentino, Ambrosio i-Eduvigis.
- 17 Miér. ss. Mariano, Mamerta, Víctor e Margarida María de Alacoque.
- 18 Xov. ss. Lucas, Xulián e Trifona.

A casa estará sen inseutos cando
24 usedes ZZ Polvo REFORZADO

19 Vier. ss. Pedro Alcántara e Rosina.

Cheia ás 5'24 da tarde

 O tempo revira pra deixarnos estes días amoro-síños e axeitados.

20 Sáb ss. Caprasio, Xohán Cancio e Irene.

21 Dom. ss. Hilarión, Astorio e Arturo.

22 Lun. ss. María Salomé e Cerdula.

23 Mar. ss. Servando, Pedro Pascual, Xermán e A. María Claret.

Sol en Escorpio ás 10'34 da mañán

24 Miér. ss. Rafael Arcanxo, Fortunato, Martiño e Paula de Frassinetti.

25 Xov. ss. Frutos, Crisanto e Darfa.

26 Vier. ss. Evaristo, Luciano, Florencia e Marciano.

 *Mingua ás 6'2 da tarde*

Tempo cuberto e borraliento. Que o mes das mestorias non nos deixe malas mamorias.

27 Sáb. ss. Vicente, Sabina, Cristeta e Catalina.

28 Dom. *Festividáde de Cristo Rey.*—ss. Simón e Xudas Tadeo.

29 Lun. ss. Narciso, Xeroma e Eusebia. *Conmemoración dos Caídos.*

30 Mar. ss. Cenobia, Clodio, Amparo e Alonso Rodríguez.

31 Miér. ss. Urbano, Quintín e Narciso.

A ANADA

Xa témol-a anada enteira
na eira.

Xa están os trigos dourados
recolleitos e medados.

Ha de ser ano de inchente
que está moi cargada a espiga

¡Diól-a bendiga!

¡Diól-a arrequente...!

JOSÉ CRECENTE VEGA.

Todol-os bechos que comen na se-mente gardada, morren botando

• ZZ-SEGRAN CURATIVO

NOVEMBRO 30 DIAS

MES DE SANTOS E DE DIFUNTOS

- 1 Xov. † A Festa de Todol os Santos e da Realeza de Nosa Señora. — ss. Benigno, Cesáreo e María.

- 2 Vier. A Conmemoración dos Difuntos e S. Xusto.

 *Nova ás 4'43 da tarde*
Si escomenza ben, nada é de temer. Chega com neve na montaña: municións do que ha ser Nadal.

- 3 Sáb. Os Mártires de Zaragoza e ss. Valentín, Hilario, Malaquías e Leófilo.

- 4 Dom. ss Carlos Borromeo e Domingo.

- 5 Lun. ss Zacarías, Eusebio, Fiz e Isabel.

- 6 Mar. ss Leonardo e Severo.

- 7 Miér. ss. Herculano, Ernesto e Florencio.

- 8 Xov. ss Alvito bispo (G), o Patrocinio de Nosa Señora e ss. Severiano, Severo e Victorino.

- 9 Vier. ss Teodoro, Orestes e Agripina.

10 Sáb. Nosa Señora da Almudena e ss. António, Demetrio e Andrés.

 *Medra á 3'9 da tarde*
Melloría. Unha racha de Nordés: voltan as brétemas, días borralentos.

- 11 Dom. ss. Martíño ob., Bartolameu e Toribio.

- 12 Lun. ss Martíño p., Millán, Diego Xosé Beato de Cádiz (G).

- 13 Mar. ss. Estanislao, Uxío III, Homebono, Rufo, e Diego de Alcalá.

- 14 Miér. ss Trahamunda de Poyo abogosa dos emigrantes (G), Serapio, Lourenzo e Venerando.

- 15 Xov. ss. Alberto Magno, Uxío I, Leopoldo, Leónlio e Abdón.

- 16 Vier. ss Rufino, Marcos, Valero, Edmundo.

- 17 Sáb. ss Gregorio Acisclo e Victorio.

- 18 Dom. ss Teodoro, Remán, Máximo e Odón.

 *Cheia ás 6'44 da mañán*
Dende o vinte en diante dín que Inverno é cons-

As patacas gardadas estan ben gardadas

- 26 *cando se usa ZZ-SEGRAN CURATIVO*

tante. Este ano quer desmentilo. Namentral-o vento mareiro non poña o pé diante...

19 Lun. ss. Isabel viuda, Ponciano e Crispín.

20 Mar. ss. Félix de Valois, Simplicio e Agapito. — *Día de José Antonio*.

21 Miér. A Presentación de Nosa Señora, ss. Estebo, Honorio e Rufo.

22 Xov. Beato Xohán de Pontevedra (G), ss. Cecilia, Columbiano e Mario.

Sol en Sagitario as 7'50 da mañán

23 Vier. ss. Clemente, Felicitas e Lucrecia.

24 Sáb. San Gonzalo bispo de Mondoñedo (G), Xoán da Cruz, Crisógoro e Flora.

25 Dom. ss. Catalina, Moisés e Gonzálo.

 *Mingua á 1'12 da noite*
Agora imos ter invernía rexia. Neve nos pes. Ceo borraliento. Friaxe. Unha boa treboaada.

26 Lun. Os Santos Mártires de Córdoba, ss. Silvestre e Pedro.

27 Mar. A Medalla Milagrosa, Santos Virxilio, Facundo e Primitivo.

28 Miér. ss. Gregorio III. Estebo e Valeriano.

29 Xov. ss Iluminada e Saturnino.

30 Viér. ss. Andrés Constanza e Xustina.


|UNHA ALMA QUE SE VAI|

Eu sentín as badaladas
da campán do meu lugar,
nó xardín da miña casa
en morna tarde de vran.

No seu colo, cal no berce,
me arrolaba miña nai
pra adormexarme, cantando
en gallego seu cantar...

Ela oíndo as badaladas
da campán do meu lugar
espertóume e dixo: *¡Reza*
pol-a y alma que se vai!

JOSÉ DE PAZOS.

• *As cortes compre desinfeitalas con KEROL, os animais vivirán sáns* 

DECEMBRO 31 DIAS

MES DE NADAL

1 Sáb. ss Eloy, Natalia e Cándida. — *Péchanse as velacions.*

2 Dom. I de Advento. -ss. Bibiana, Elisa e Aureliana. -I. B.

 *Lúa nova ás 8'12 da mañán*
A lúa de Nadal chega a tempo e ven con moita fríaxe. Ha millorar moito.

3 Lun. ss Francisco Xavier e Claudio.

4 Mar. ss. Pedro Crisólogo, Osmundo e Bárbara.

5 Miér. ss. Sabas, Agripina e Dalmacio.

6 Xov. ss. Fernando abade de Antealtares (G), Nicolás, de Bari i Emiliano.

7 Vier. ss. Ambrosio, Polícarpo e Urbán.

8 Sáb. † A Purísima Concepción de Nosa Señora -ss. Macario i Esther. -I. P.

9 Dom. II de Advento. ss. Restituto, Cipriano e Locaya. -I. B.

10 Lun. San Florencio abade (G). Nosa Señora de Loreto e ss. Eulalia i Hermóxenes.

 *Medra ás 11'51 da mañán*
Se chove molto en Nadal, ano formal. Neste non temos tanta chuvia pra pensar mal do 1957.

11 Mar. ss Dámaso papa (G) Sabino e Daniel.

12 Miér. Nosa Sra. de Guadalupe e San Constancio.

13 Xov. ss. Lucía Uxío e Orestes.

14 Vier. ss. Nicasio, Xusto, Pompeyo i Espíridion.

15 Sáb. ss. Eusebio, Valeriano, Máximo e Fortunato.

16 Dom. III de Advento. -ss. Uxío, Valentín e Delaíra. -I. B.

17 Lun. ss. Francisco de Sena, Lázaro e Olimpia.

 *Chea ás 7'6 da noite*
Días de solciño quente: noites de xiada con lúa crara, pra ver a formiga no carreiro. Nadal quente, en xaneiro, enchente.

O ZZ SEGRAN CURATIVO pra a
traza das patacas

- 18 Mar. Nosa Señora da O, antiga Patrona de Pontevedra
 19 Miér. ss. Nemesio e Timoteo — *Témporas*. — I. B.
 20 Xov. ss. Teófilo, Xilio e Domingo de Silos
 21 Vier. ss. Ildaura nai de San Rosendo e Adosinda abadesa (G) e Anastasio. — *Témporas*. — *Abs-tinencia*. — I. B.

Sol en Capricornio as nove da noite

INVERNO

- 22 Sáb. ss. Demetrio Zenón i Elena. — *Témp.* — I. B.
 23 Dom. IV de *Advento* -ss. Victoria, Nicolás, Sérvulo e Vintila.
 24 Lun. *Noiteboa* -ss Gregorio, Eutimio e Luciano.

Mingoante ás 10'10 da mañán

 Mingua no día de Navidá pra mollar as paxollínias. Rematamos con chuvia o ano ¡Que veña o novo con ben!.

- 25 Mar. † A *Natividade de Noso Señor Xesucristo*. — Santa Anastasia. I. P.
 26 Miér. ss. Estebo e Mariano. — *Abrense as vela-cións* I. B.
 27 Xov. ss. Xohán Apóstol, Nicereta e Teodoro. — I. B.
 28 Vier. Os Santos Inocentes e Teófila.
 29 Sáb. Beato Vídal abade (G) ss David e Tomás.
 30 Dom. A Traslación de Sant Iago e San Sabino.
 31 Lun. ss. Franquila abade de Ríbas do Sil (G), Silvestre, Columbio e Paulina.

NOITE BOA

Chegou o noso consolo
 chegou o noso remedio
 e nado o Mesías: homes,
 festexade o Nacemento.

Manteiga, ou leitíño... nada;
 non quér marxares o Neno;
 quér corazons humildados,
 quér un amor verdadetro.

† ANTONIO CASTRO.

Contra os ratos BLIZ.

¡RILLOTE!

¿Cal é o alcume mais mouro
que arremete coma un touro
cando sai da boca airada,
sexa a de calquer criada,
ou d'unha de moito pote?

¡RILLOTE!

¿Qué lle dín os estudantes
cando se fan us tunantes
troulitando pol-as ruas,
facendo sempre das suas,
aturuxando decote?

¡RILLOTE!

¿Como chama a castiñeira
o rapaz da mau arteira
que as castañas lle roubou
e pra roubarillas ciscou
pol-o chan antes o lote

¡RILLOTE!

A que está tomando vez,
alborotando por dez
pra na fonte encher axiña,
o bon villeu que lle riña,
¿como lle chama de mote?

¡RILLOTE!

Y-a señorita que está
enfadada de verdá,
¿qué lle dí a quen o xogo
lle fixo no curso e logo
deixouna feito un tufote?

¡RILLOTE!

Vayas pol-a Ferradura,
ou te colla unha apretura

*No hai colleita de millo meirande que
a collida sementando millo "doble hi-
brido" (millo americano producido pra*

de xente no Perguntoiro,
ouvirás, a frol de coiro,
saltando de bote en bote.

¡RILLOTE!

A. GÓMEZ LEDO.

DESCONSOLO

Deixando á fonte á chorar
fuxe o río pol-o quenlle
con pasadas de cristal...

— Ay amante, amante
¿cando voltarás?
Será pol-a Páscoa
ou pol-a Trindá...

O cantar do merlo
quérea consolar:

Voltará o amante
ben cedo cicais,
cicais pol-a Páscoa
ou pol-a Trindá.
Pon frores no pelo,
si é de ley, virá.

Contéstalle a fonte
no seu saloucar:

Amores que fuxen
xa non voltarán,
nin pol-a Páscoa
nin pol-a Trindá.
Soyo follas secas
Outono m'ha dar.

Ficaban tan soyo
na branca mañán,
o fuxir do río
y-a fonte a chorar.

LUIS AMADO CARBALLO.

*España por Semillas Selectas, S. A.
SEMISA). Escolle a casta mais axeitada as tuas terras*

Germade.-4 e 19 Momán; 13 Roupar.

Guitiriz.-O 28 e o domingo; entre o 9 e 15 Parga; 23 Santa Cruz de Parga; 7 Villares; o último domingo Guitiriz e mercados os miércoles.

Guntín.-5 Lousada; 11 Lousadela; 23 Grolos; 15 San Román.

Incio.-O 19 e 22.

Láncara.-O 16 Cedrón; 2 e 17 Puebla.

Lorenzana.-O 9, e 28 e mercados os domingos.

Lugo.-O 4, 5 e 6 de Outono (anual); primeiro e terceiro viernes, e mercados o martes e viernes Poutomillos o 3, Nadela o 15 e penúltimo dia de cada mes.

Meira. O segundo e cuarto domingo.

Mondoñedo.-O 17, 18 e 19 de Outono (anual); primeiro e terceiro xoves de cada mes, e mercados os xoves e domingos Quendas o 2 de Mayo (anual).

Monterroso.-O 1.^º e o 15 e mercados os miércoles: 1.^º de Novembro anual

Monforte.-O 6, 16, 24 e 30; 5 Fiolleda.

Muras.-O primeiro sábado, primeiro e segundo domingo Viveiró; terceiro domingo Balsa.

Navia de Suarna.-Segundo domingo e 29, o 23 Febreiro (anual) Cuarto domingo Paradela.

Negreira.-O segundo domingo.

Neira de Jusá.-1.^º e 18 Baralla; 7 Sobrado.

Os Nogales.-O 15; segundo domingo, Doncos.

Orol.-O primeiro domingo, Miñotos (O Carmen).

Palas de Rey.-O 7 e o 19, e mercado o sábados.

Pantón.-O 1.^º e o 15.

Páramo.-O 10 e o 25.||

Pastoriza.-Cada quince días en domingo alterno Bretoña; o segundo e coarto sábado Relgosa.

Piedrafita.-O 5 e o 21 e o 8 de Setembro (anual).

Pol.-O 1.^º e o 15 Rioxuán, 7 e 21 Mostelro.

Puebla do Brollón.-O 11 e o 25; 29 Xunio (anual); 3 Estación.

Puentenuevo.-Cada quince días en domingo que non coincida ca de Meira, primeiro domingo de Outubre (anual).

Puertomarín.-O 9 e mercado os domingos.

Quiroga.-O 10 e 27.

Rábade.-O 2 e o 22 e mercado os xoves.

Ribadeo.-Todol-os miércoles e o 7 de Setembro.

Riotorto.-Mercados os sábados; 14 e 25 de cada dous meses Moxueira.

Rivas do Sil.-O 21.

Samos.-O 1.^º; 4 Castroncán; 17 Lózara, e o 1.^º de setembro (anual) en Samos.

Sarria.-O 6, 20 e 27; San Lázaro (anual) e mercados os domingos.

Saviñao.-O 8 e 19 Escairón; 13 e 26 Currelos.

Sober.-O 8 e o 18.

Taboada.-O 4 e 20 e mercados os sábados.

Trabada.-O 18 e o primeiro domingo.

Triacastela.-O 28.

Valle d'Ouro.-O miércoles siguiente ao terceiro domingo e mercado os sábados.

Viveiro.-O primeiro e terceiro domingo e mercados os xoves, sábados e domingos; o segundo domingo Galdo; luns de Pascoa Cobas (anual).

Villalba.-O primeiro domingo e martes siguientes ao terceiro e mercado os martes e sábados; último domingo Arbol e mercados os viernes

Xove, Rigueira e Xove o coarto domingo.

Feiras anuales de Galicia

Xaneiro 7, Portes 8, Navallos. *Febreiro* 3, Portomarín.-*Marzo* Domingo de Lázaro, Noya e Sarria.-*Abril* 25, Noya; luns de Cuasimodo, Tuy; luns de Pascoa, Cobas en Viveiro; o 25 San Marcos en Ortigueira.-*Mayo* Día da Ascensión. Santiago; 30, Balboa Ribadeo; Pascua de Pentecostés, Padrón; 1, Ourense; 29, Somiedo e Brollón en Quiroga.-*Xulio* 2 A Cruña; 25, Santiago.-*Agosto* Pol-a Peregrina, Pontevedra; 10, San Bartolomé en Penas Agudas Viveiro.-*Setembro* 8.-Fonsagrada tres días; terceiro domingo Becerreá; 8, Piedrafita do Cebreiro; *Outubre* 5 Lugo tres días; 9 e 10 Lorenzana; 14, Villalba; 18, Mondofiedo, tres días; 20, Lindín; terceiro domingo, Becerreá; último domingo Ponte Novo.-*Novembro* 1, Monterroso e Pontevedra; 12, Becerreá.

Gabrego, Campesiño:

Os LABORATORIOS ZELTIA teñen suas fábricas en PORRÍÑO (Pontevedra), están adicados a fabricar inseiticidas de primeira, e pra todolos usos.

Os LABORATORIOS ZELTIA teñen téinicos traballando no estudo das cousas do campo galego. De balde, podedes escribir pra pedir consello. Cando compre, ises téinicos van velos eidos, e dan ensino de como desfacerse das pragas.

Emporiso, os MILLORES INSEITICIDAS PRO CAMPO GALEGO son os INSEITICIDAS DOS LABORATORIOS ZELTIA.

PEDIDE ZZ, o QUE NECESIDADES,
PERO SABEDE QUE OS ZZ SON TODOS INSEITICIDAS DOS

LABORATORIOS ZELTIA